Salix babylonica L., 1753

- salgueiro chorón, s. pingón, chorón
- sauce llorón
- zume negarti
- desmai, plorador
- weeping willow, mourning willow, Peking willow
- salgueiro-chorão



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Datos insuficientes

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Malphigiales**	**Salicaceae**	***Salix***

ORIXE

A China e Corea.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia, de 8 a 12 m de altura, con pólas delgadas, flexibles e longas que chegan case ao chan. Tronco con codia fisurada. Follas linear-lanceoladas, de 8 a 16 cm de longo, acuminadas, con marxes finamente serradas, sen pelos e algo glaucas no envés cando maduran. Pecíolo curto e lixeiramente pubescente. As inflorescencias aparecen ao mesmo tempo cás follas. Flores unisexuais en amentos colgantes. Flores masculinas con 2 estames libres. Flores femininas con 2 estigmas. Froito en cápsula dehiscente por dúas valvas. Florece de abril a maio.

HÁBITAT

Prefire solos húmidos e mollados. Adoita plantarse preto de cursos de auga, especialmente xunto a estanques illados. Prospera en todo tipo de climas e solos. Aínda que soporta o frío, prefire os climas temperados.

DISTRIBUCIÓN

A especie foi introducida en Europa, América do Norte, África e moitas outras partes de Asia.

CURIOSIDADES

Utilízase para a fabricación de madeira, para a elaboración de cesto. Úsase habitualmente como árbore ornamental en parques e xardíns de todo o mundo.